

Declaración institucional da Universidade de Vigo sobre a loita contra a fraude (Aprobada en Consello de Goberno o día 21 de decembro de 2021)

A Universidade de Vigo é unha institución de dereito público, que ten como función principal prestar o servizo público da educación superior mediante a investigación, a docencia e o estudo. Para desenvolver a súa misión goza de autonomía e está dotada de personalidade e de capacidade xurídica, e de patrimonio propio.

Entre as súas fontes de financiamento, a Universidade de Vigo benefíciase dos fondos do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado con fondos do mecanismo europeo de recuperación e resiliencia. O novo marco lexislativo aplicable regulador do devandito financiamento –composto fundamentalmente polo Regulamento (UE) 2021/241, polo que se establece o mecanismo de recuperación e resiliencia (MRR); a Resolución, do 29 de abril de 2021, da subsecretaría, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros, do 27 de abril de 2021, polo que aproba o Plan de recuperación, transformación e resiliencia; o Real decreto lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración pública e para a execución do Plan de recuperación, transformación e resiliencia; e a Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de recuperación, transformación e resiliencia– prevé adoptar todas as medidas adecuadas para protexer os intereses financeiros da Unión, e para velar que a utilización destes fondos se axuste a dereito, en particular no que se refire á prevención, detección e corrección da fraude, a corrupción e os conflitos de intereses.

Por este motivo, a Universidade de Vigo, mediante esta declaración institucional, quere manifestar a súa decidida vontade de combater a fraude, a corrupción e os conflitos de intereses na xestión de fondos públicos, en xeral, e os que proveñan do Plan de recuperación, transformación e resiliencia. Para isto comprométese a implementar os estándares máis altos no cumprimento das normas xurídicas, éticas e morais, e respectar os principios de integridade, imparcialidade, obxectividade e honestidade.

O obxectivo desta declaración é promover e consolidar unha cultura na Universidade de Vigo que exerza un efecto disuasorio para realizar calquera tipo de actividade fraudulenta e conseguir que as actuacións da Universidade de Vigo sexan percibidas, por todos os axentes relacionados con ela, como opostas á fraude e á corrupción en calquera das súas formas. Adicionalmente, esta declaración

tamén ten como finalidade fomentar e desenvolver políticas e procesos de investigación da fraude e dos delitos relacionados con ela, que garantan que tales casos se traten no momento preciso, dunha forma apropiada, e que posibiliten a súa prevención, faciliten a súa detección, impidan a súa consecución, e favorezan a súa corrección e persecución.

Espérase que todas as persoas que forman parte da comunidade universitaria, e especialmente as que van participar directa ou indirectamente na xestión dos fondos europeos, así como contratistas e persoas beneficiarias das axudas en que estes se materialicen, asuman e compartan todos os compromisos estipulados na presente declaración institucional.

A Universidade de Vigo vai pór en marcha medidas eficaces, eficientes e proporcionadas para loitar contra a fraude, empregando para iso os recursos propios e os procedementos adecuados. A súa implementación está dobremente fundamentada na experiencia obtida en períodos anteriores e na recente avaliación do risco de fraude realizada para este efecto. A súa estrutura está conformada segundo os elementos que compoñen o «ciclo antifraude», ademais de ter en conta as actualizacións periódicas correspondentes e o correcto seguimento dos seus resultados.

Neste sentido, a Universidade de Vigo dispón xa dun apartado específico no súa páxina web dedicada ás medidas antifraude ([https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/pagina/show/57? locale=es](https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/pagina/show/57?locale=es)). Neste publicaranse as medidas que se implementen destinadas para este fin. Desde alí pódese acceder ás canles de denuncias habilitadas para comunicar calquera irregularidade ou sospeita de fraude, ante a Oficina Europea de Loita contra a Fraude (OLAF) ([https://ec.europa.eu/anti-fraud/home es](https://ec.europa.eu/anti-fraud/home_es)), cando afecten os intereses financeiros da Unión Europea, ou ante o Servizo Nacional de Coordinación Antifraude (SNCA) (<https://www.igae.pap.hacienda.gob.es/sitios/igae/es-ES/snca/Paginas/ComunicacionSNCA.aspx>), encargado de coordinar as accións encamiñadas a protexer os intereses financeiros da Unión Europea contra a fraude, en colaboración coa OLAF.

En definitiva, a Universidade de Vigo ratifica na presente declaración institucional o seu compromiso firme na loita contra a fraude e a súa política de tolerancia cero fronte á fraude, á corrupción e aos conflitos de intereses, que efectúa cun robusto sistema deseñado para, na medida do posible, previr, detectar, corrixir e perseguir os actos de fraude ou calquera práctica que se afaste dun comportamento ético no

uso dos fondos públicos, así como para corrixir o seu impacto, no caso de producirse.

Vigo, 21 de decembro de 2021

O reitor

M. Joaquín Reigosa Roger